

Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

Tramitación parlamentaria:

Proposición de lei, BOPG núm. 24, do 27.4.1990.

Debate e toma en consideración polo Pleno, DSPG núm. 20, do 29.5.1990.

Emendas, BOPG núm. 58, do 24.9.1990.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 72, do 5.11.1990.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 82, do 22.11.1990.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 82, do 22.11.1990.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 48, do 18.12.1990.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 104, do 12.1.1991.

Diario Oficial de Galicia núm. 19, do 28.1.1991.

Boletín Oficial del Estado núm. 47, do 23.2.1991.

Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

Esta lei foi derogada pola Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

O recoñecemento da igualdade de dereitos, así como a non discriminación entre o home e a muller, é unha nota común a tódalas sociedades democráticas, polo que hai que pretender que a muller, con independencia do nivel económico, cultural ou social ó que pertenza, poida elixir libremente a opción persoal, profesional, familiar e política que prefira, determinando deste xeito, dunha forma real e non só nominal, a súa participación na sociedade, sen que isto supoña a renuncia das súas aspiracións familiares e sen renunciar da súa personalidade feminina.

Por outra banda, é preciso defende-la colaboración entre o home e a muller, fronte á confrontación, xa que é necesario entende-la sociedade desde o punto de vista máis humano e, neste sentido, colaborar esixe que as relacións entre homes e mulleres se desenvolvan nun ámbito de igualdade, tanto na vida privada e profesional coma cívica.

Desde unha óptica privada, hai que introducir na sociedade a idea de que «as obrigas da muller» son obrigas de toda a sociedade e, dentro da unidade familiar, de tódolos membros por igual.

Desde unha perspectiva profesional, hai que chegar ó punto no que a promoción e o soldo non se diferencien en función dos sexos.

Xa desde o punto de vista político, convén ter en conta que unha democracia debe permitir unha representación paritaria de homes e mulleres en papeis de responsabilidade, e neste sentido son necesarias medidas que favorezan a participación das mulleres en tódolos organismos ó servicio da comunidade.

Acada-la igualdade real nestes tres eidos mencionados esixe non só o correspondente desenvolvemento normativo, feito na súa maior parte por imperativo da Constitución española e do Estatuto de autonomía, senón que é preciso modificar actividades e estruturas sociais de cara a unha liña de actuación que lle dea efectividade ó principio de igualdade.

Para os devanditos efectos, o artigo 4.1 e 2 do Estatuto de autonomía de Galicia contempla a posibilidade de que os poderes públicos leven a cabo as accións encamiñadas a promove-las condicións de igualdade, así como para remove-los atrancos que a

impidan ou dificulten, para o que adoptarán as medidas que estimen oportunas.

É polo que a presente lei establece a creación dun organismo que dea resposta ós obxectivos formulados e exista namentres persista calquera tipo das situacións discriminatorias das que dan lugar á súa constitución.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Artigo 1

1. Créase o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller como organismo autónomo adscrito á Consellería de Traballo e Servizos Sociais.

2. O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller terá personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o exercicio das súas funcións, e regularase polo disposto na presente lei, nas súas normas de desenvolvemento e na lexislación xeral de organismos autónomos que lle sexa aplicable.

Artigo 2

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da

Muller terá como obxectivo principal a promoción e adopción de medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva das mulleres e dos homes, removendo os obstáculos que impidan a participación e a integración da muller na vida social, cultural, educativa, económica e política de Galicia.

Artigo 3

Serán funcións do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller as seguintes:

1.— Estudia-la situación da muller galega así como fomenta-la realización de estudos sobre ela tanto de carácter xeral coma específico nos eidos legal, educativo, sanitario, social e cultural.

2.— Realiza-lo estudio e seguimento da lexislación vixente naqueles aspectos que afecten ó principio de igualdade e elaborar propostas de modificación das normas que o dificulten ou o impidan.

3.— Emitir informe previo sobre todas aquelas disposicións de carácter xeral que, promovidas polas distintas consellerías, afecten as materias reguladas na presente lei.

4.— Esixi-lo cumprimento da lexislación laboral no relativo á xornada de traballo, condicións laborais, prestacións sociais e igualdade de remuneración.

5.— Coordinar tódolos traballos e actividades que desenvolvan os

distintos departamentos da Xunta en temas que afecten a situación da muller.

6.— Promover, coordinar e avaliar plans e programas de acción e o desenvolvemento das actividades que, para a consecución dos obxectivos previstos na presente lei, realicen deputacións e concellos.

7.— Cooperar con tódalas entidades que polos seus fins ou actividades contribúan á consecución dos obxectivos previstos nesta lei.

8.— Elaborar plans de actuación, programas-piloto e plans-ponte para fomenta-lo emprego e facilita-la formación profesional das mulleres.

9.— Incentiva-la participación das mulleres na vida política, económica, cultural, educativa e social.

10.— Dentro das competencias da Comunidade Autónoma, velar polo cumprimento de todos aqueles convenios e tratados internacionais, nos aspectos que afecten as materias reguladas na presente lei, así como fomenta-la participación igualitaria nos foros internacionais.

11.— Denuncia-los casos de violación sexual que coñeza producidos contra as mulleres e tramitar demandas cando o seu contido teña por obxecto supostos concretos de discriminación de feito ou de dereito por razón de sexo.

12.— Prestar servicios a favor

daquelas persoas que pola súa situación e dentro do ámbito da presente lei teñan especial necesidade de axuda.

13.— Asumir todas aquelas competencias que lle sexan asignadas polas leis ou polo Goberno de Galicia.

Artigo 4

Son órganos superiores do Servicio:

- a) O Consello.
- b) A Dirección.

Artigo 5

O Consello estará integrado polo seguintes membros:

Presidente: O conselleiro de Traballo e Servicios Sociais.

Vicepresidente: A directora xeral do Servicio.

Vocais: Un representante, con categoría de director xeral, nomeado por cada unha das consellerías de Goberno de Galicia.

Cinco persoas de relevante prestixio no eido das ciencias sociais, económicas e xurídicas designadas polo Consello da Xunta.

Secretario: Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario designado pola directora do Servicio.

Artigo 6

O Consello actuará en Pleno ou

en Comisión Permanente.

Artigo 7

A Comisión Permanente, presidida pola directora, estará integrada por seis membros, elixidos entre os vocais que compoñen o Consello, tres polos representantes das consellerías e tres polos vocais elixidos pola Xunta entre as persoas de recoñecido prestixio.

Artigo 8

Son funcións do Consello en Pleno:

a) Aproba-lo anteproxecto de presuposto do organismo.

b) Aproba-lo plan anual de actividades.

c) Aproba-la memoria de xestión anual e darlles traslado dela ás institucións públicas competentes na materia.

d) Coordina-la actividade das distintas consellerías que se dirixa á consecución dos obxectivos fixados na presente lei.

e) Calquera outra función que se determine regulamentariamente.

Artigo 9

Corresponderalle á Comisión Permanente:

a) Adoptar tódalas medidas necesarias para o cumprimento dos obxectivos do Servizo.

b) Elabora-lo anteproxecto de presuposto do Servizo.

c) Emitir informe sobre a memoria de xestión anual.

d) Cantas funcións lle encomende o Consello en Pleno ou lle someta á súa consideración a directora.

Artigo 10

O nomeamento e a disposición de cesamento da directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, que será unha muller galega, realizaranse mediante decreto, e a súa categoría será o de directora xeral.

Artigo 11

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller dispoñerá para o exercicio das súas funcións dos seguintes recursos económicos:

1.— Aqueles que lle sexan asignados con cargo ós presupostos da Comunidade Autónoma.

2.— As subvencións e achegas voluntarias de entidades e particulares.

3.— Os bens e dereitos que constitúan o seu patrimonio, así como os seus posibles rendementos.

4.— Os beneficios que, se é o caso, se obteñan da actividade propia do Servizo.

5.— Calquera outro recurso que lle poida ser legalmente atribuído.

Disposición transitoria

A Xunta de Galicia dotará o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller dos medios persoais e materiais necesarios para o cumprimento dos seus obxectivos.

Disposición derradeira primeira

Autorízase ó Goberno da Xunta para dictar cantas disposicións fosen necesarias para o correcto desenvolvemento e aplicación da

presente lei.

Disposición derradeira segunda

Esta lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 1991

Manuel Fraga Iribarne
Presidente